



**PLAN ESTRATÉXICO  
DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DAS COMUNICACIÓNS  
2012 - 2015 (PETIC III)**



## ***I. Introducción***

A Universidade de Santiago de Compostela aposta polas Tecnoloxías da Información e Comunicaci3ns como unha das ferramentas fundamentais para acadar os seus obxectivos como instituci3n.

Pero non basta con entender a importancia das TIC como ferramenta indispensable para a modernizaci3n da instituci3n, se non se definen estratexias ben elaboradas e aliñadas cos obxectivos xerais e estrat3xicos da universidade. S3 definindo unha planificaci3n estrat3xica ben meditada, que trate de adiantar as necesidades e tendencias dos pr3ximos anos e canalice os esforzos de toda a instituci3n, permitir3 un uso eficiente e eficaz dos medios econ3micos e humanos e garantir3 que se acaden os obxectivos realmente importantes para a instituci3n.

A USC v3n demostrando dende hai anos esa visi3n de futuro e neste eido definiu xa anteriormente dous plans estrat3xicos: un primeiro Plan Estrat3xico das TIC (PETIC 2004-2006), verdadeiro precursor deste tipo de plans no 3mbito das universidades espa3olas, e un segundo Plan Estrat3xico das TIC PETIC II 2007-2010, que continuou na mesma direcci3n.

Superado o per3odo de vixencia do PETIC II, e tras analizar os resultados acadados polo mesmo, a Universidade de Santiago de Compostela iniciou os traballos dirixidos a definir un novo plan, de aplicaci3n para o per3odo 2012-2015, o PETIC III.

## ***II. Metodolox3a de elaboraci3n***

Do mesmo xeito que en ocasi3ns anteriores, a USC parte do “Modelo de an3lise e planificaci3n TIC do Sistema Universitario Espa3ol”, proposto como documento marco de referencia para todas as universidades espa3olas dende a Comisi3n Sectorial TIC da *Conferencia de Rectores de las Universidades Espa3olas (CRUE)*, e ad3ptao e personal3zao 3 realidade da Universidade de Santiago de Compostela. Deste xeito aseg3rase a adopc3n dun modelo fundamente analizado e revisado, cun aforro importante de an3lise previa e ali3nado coa estratexia xeral da USC.

Respecto 3 elaboraci3n e concreci3n do plan para a USC, no primeiro plan desenvolvido na USC seguiuise unha metodolox3a baseada en m3ltiples equipos de traballo, nos que participaron ata 138 persoas en 36 reuni3ns de traballo. Tal magnitude de participaci3n resultou enriquecedora pola achega de moi diversas sensibilidades da comunidade universitaria, e foi especialmente importante ao tratarse do primeiro traballo de estratexia TIC que se fac3a na instituci3n. Xa na elaboraci3n do segundo plan obviouse este traballo previo e partiuse dun borrador proposto por un Coordinador da Planificaci3n Estrat3xica en TIC.

Na elaboraci3n deste terceiro Plan Estrat3xico (PETIC III) prop3xose unha metodolox3a que partiu dun borrador elaborado dende a direcci3n da 3rea de Tecnolox3as da Informaci3n e Comunicaci3ns (ATIC), borrador que resultou da personalizaci3n do modelo proposto pola CRUE-TIC adaptado 3 realidade da USC e aos seus obxectivos estrat3xicos xerais. Este borrador foi sometido 3 revisi3n e mellora por seis equipos de traballo (un por li3a estrat3xica), nos que participaron 29 persoas cun fondo coñecemento da realidade da USC nos seus distintos 3mbitos e sectores, e especialmente implicados no 3mbito das TIC. Tras un total de 15 reuni3ns presenciais, con continuos traballos de remisi3n e revisi3n en li3a de propostas, e unha vez recollidas e analizadas todas as contribuci3ns dos participantes, procedeuse 3 publicaci3n do texto borrador durante un per3odo de exposici3n p3blica no que se tiveron en consideraci3n novas achegas da comunidade universitaria.

Finalmente, dende ATIC elaborouse un documento final, que 3 o que se presentou ante o Consello de Goberno da USC sendo aprobado por unanimidade con data 25 de xu3o de 2012.

### **III. Estructura do plan**

A estrutura do plan axústase, como xa se indicou anteriormente, ás recomendacións da Comisión Sectorial TIC da CRUE, presentando as seguintes características:

- No seu nivel máis xeral fixa liñas estratéxicas, que tratan de identificar as funcións básicas da institución. Estas son:
  1. **TIC e Docencia - TIC nos procesos de ensino-aprendizaxe:** definir e implantar modelos que favorezan o uso das novas tecnoloxías como ferramentas de apoio á docencia tanto nas aulas como no ámbito virtual.
  2. **TIC e Investigación - As TIC como ferramenta de axuda aos investigadores:** fornecer ferramentas TIC de apoio aos investigadores nos seus labores de publicación das súas capacidades, difusión dos seus resultados de investigación e intercambio de información e experiencias con outras universidades, en especial no contexto do Sistema Universitario de Galicia.
  3. **Sistemas de xestión universitaria e servizos de administración electrónica:** poñer en marcha a administración electrónica como proxecto estratéxico de innovación técnica e organizativa transversal a toda a Universidade, e mellorar os servizos ofrecidos á comunidade universitaria, consolidando, completando e integrando as diferentes aplicacións de xestión corporativas, e introducindo explicitamente o concepto de Intranet.
  4. **Xestión, análise e difusión da información institucional:** executar por unha banda distintas accións dirixidas a proporcionar a información institucional en liña sacando o máximo partido ás ferramentas en Internet dun xeito aliñado co Plan de Comunicacións da USC e, pola outra, implantar un sistema de xestión integral da estatística institucional.
  5. **Formación, cultura e modelo TIC sostible:** implantar ferramentas, sistemas e procedementos no ámbito das TIC dirixidos a ofrecer todos os servizos identificados dun xeito sostible no tempo. Nese sentido, potenciarase o uso de sistemas de software libre en todos os ámbitos TI da universidade, revisaranse os contratos de mantemento de infraestruturas e servizos de cara a axustar custos e acordos de niveis de servizo apropiados, renovarase periodicamente as infraestruturas precisas para prover os servizos descritos dentro das dispoñibilidades orzamentarias e priorizando solucións tecnolóxicas máis sostibles economicamente no tempo, e analizaranse e elixiranse tecnoloxías e procedementos que permitan a simplificación da provisión dos servizos TIC. Asemade, apoiaranse e orientaranse os plans de formación institucional no ámbito das TIC, co obxecto de que a comunidade universitaria acade os niveis axeitados de competencias nelas.
  6. **Organización e Gobernanza das TIC:** persegue executar distintas accións dirixidas a mellorar o modelo organizativo interno da USC no ámbito da Área TIC, do seguimento da súa actividade, e dos procedementos asociados ás xestións que dela dependen..
- Para cada liña estratéxica, defínense os obxectivos propostos e as accións necesarias para acadalos. As accións constitúen os traballos concretos que fan real un plan, e o seu grao de detalle e adecuación aos medios existentes marcará a súa viabilidade.
- Finalmente, con fin de dispoñer dunha ferramenta obxectiva que permita o progresivo avance do plan co tempo e o grao de realización do mesmo, establécense unha serie de indicadores para cada acción.

Respecto á redacción do plan, preséntase inicialmente o corpo do mesmo, organizado nas liñas, obxectivos e accións antes comentadas, para logo detallar en fichas as accións e os indicadores e valores obxectivo correspondentes.

## **IV. Catálogo de liñas, obxectivos e accións**

### **LIÑA 1: TIC E DOCENCIA - TIC NOS PROCESOS DE ENSINO-APRENDIZAXE**

Esta liña estratéxica persegue a definición e implantación de modelos que favorezan o uso das novas tecnoloxías como ferramentas de apoio á docencia tanto nas aulas como no ámbito virtual. As accións que engloba esta liña son fundamentais na consecución da procura de excelencia na docencia, liña estratéxica do Plan Estratéxico da USC 2011-2020, en canto que promoven a utilización das novas tecnoloxías no ámbito da docencia, tanto por parte do profesorado como do estudiantado.

Identifícanse dous obxectivos xerais que englobarán logo as accións propostas:

#### **Obxectivo 1.1 Proporcionar soporte e introducir novas tecnoloxías de apoio á docencia nas aulas**

**Acción 1.1.A:** asegurar a dispoñibilidade en todas as aulas de docencia non específica da USC de polo menos un proxector, unha pantalla axeitada ás dimensións da aula, e un equipo informático conectado a Internet. Asegurar as súas capacidades WIFI e de instalación eléctrica para potenciar o uso de portátiles e facelas evolucionar de forma que ocupen o concepto clásico de aulas de informática.

**S1:** adquirir os equipos, ben como nova dotación, ben para renovación de equipos obsoletos, en coordinación coas convocatorias anuais de axudas para o desenvolvemento de mellora da docencia.

**S2:** facilitar o uso do equipamento aos usuarios finais, mediante a elaboración, e publicación na propia sala, de instrucións específicas que detallen os pasos básicos para o seu uso.

**S3:** incorporar instalación eléctrica adicional nas aulas para facilitar a conexión de equipos portátiles aos alumnos.

**Acción 1.1.B:** fomentar o uso en todos os centros de encerados dixitais

**S1:** adquirir os equipos para aqueles centros que aínda non dispoñan dun encerado e o precisen, en coordinación coas convocatorias anuais de axudas para o desenvolvemento de mellora da docencia.

**S2:** facilitar o uso do equipamento aos usuarios finais, mediante a elaboración e publicación de instrucións personalizadas en cada sala que detallen os pasos básicos para o seu uso.

**Acción 1.1.C:** redimensionar e reorientar o uso das aulas de acceso libre, asegurando que cada centro siga dispoñendo de polo menos dunha aula de acceso libre segundo o modelo actual, pero orientando outras delas como aulas WIFI. A realidade actual do alumnado, que maioritariamente dispón xa de equipos portátiles, recomenda seguir esta liña de actuacións. Por outra banda, a diminución de postos de acceso libre irá acompañada pola readaptación destas aulas para uso da WIFI, con espazos de traballo diáfanos e preparados para uso cómodo do portátil, mantendo un número mínimo de equipos fixos nunha zona da sala para o seu uso por parte dos alumnos que non posúan portátil.

**Acción 1.1.D:** acondicionar as salas de lectura e traballo das bibliotecas, co obxecto de facilitar o uso de portátiles e outros dispositivos móbiles, incorporando bases de carga apropiadas e asegurando a conectividade WIFI.

**Acción 1.1.E:** ampliar a cobertura da rede WIFI en todos os centros da USC, e nos principais espazos abertos públicos do Campus e da cidade, mantendo sempre un estrito control do equipamento instalado e do cumprimento de toda a lexislación vixente no ámbito da exposición a emisións eletromagnéticas. Co obxecto de acadar este obxectivo sen necesidade dun investimento excesivo, trataranse de establecer convenios de uso doutras infraestruturas xa existentes.

**Acción 1.1.F:** avaliar un despregamento baseado en sistemas de virtualización, de forma que o mantemento do software dos equipos se poida facer dun xeito remoto e centralizado, así como xeneralizar o uso por parte dos técnicos da área TIC de sistemas de xestión remota dos equipos para reducir a necesidade de desprazamentos.

**Acción 1.1.G:** planificar accións de formación específicas dirixidas ao persoal docente co obxectivo de mellorar a súa capacitación no ámbito do uso de tecnoloxías de apoio á docencia nas aulas, propoñendo formación en pautas para mellora da expresión cos diferentes medios dispoñibles (proxectores, videoconferencia, encerados dixitais...)

**Acción 1.1.H:** analizar alternativas e elixir a solución de software corporativo dirixido a apoiar a relación docente-alumno nas aulas de informática, en tarefas de seguimento da actividade do PC dos alumnos dende o PC do software, distribución de contidos dende o PC do docente aos PC's dos alumnos...

**Acción 1.1.I:** analizar a mellor solución tecnolóxica que facilite a posta a disposición de software aos alumnos, en especial cando sexa preciso o uso de licenzas corporativas, considerando os actuais escenarios de mobilidade.

## **Obxectivo 1.2 Proporcionar soporte e promover a docencia virtual.**

**Acción 1.2.A:** evolucionar a actual plataforma de docencia virtual na USC (baseada en software propietario) a unha nova plataforma baseada en software libre. Con esta acción búscase acadar un sistema sostible no tempo.

**Acción 1.2.B:** mellorar o soporte final a usuarios, incorporando o servizo ao Centro de Atención a Usuarios (CAU) da área, e coordinando a atención co persoal do CETA.

**Acción 1.2.C:** potenciar o uso innovador de sistemas de docencia virtual.

**S1:** asesorar no deseño de propostas formativas que favorezan a experimentación das metodoloxías e actividades no entorno virtual.

**S2:** crear contidos dixitais multimedia e interactivos para a aprendizaxe activa

**S3:** organizar xornadas de presentación dos recursos e tecnoloxías de software libre que favorezan a construción do coñecemento, o traballo en rede, a colaboración entre os docentes e a súa aplicación no ensino universitario.

**S4:** definir espazos virtuais comúns para a coordinación e colaboración na elaboración de contidos.

**S5:** redactar e aprobar protocolos de coordinación de todos os servizos para facilitar que as materias con distintas modalidades de docencia (presencial ou semipresencial) poidan dispoñer dos medios tecnolóxicos e virtuais para o acceso e emprego destes recursos en todo o proceso de ensinanza.

**Acción 1.2.D:** aumentar as funcionalidades e boas prácticas implantadas na plataforma de docencia virtual, de acordo ao catálogo definido a tal efecto pola CRUE.

**S1: FORMACIÓN A ESTUDIANTES:** preparar vídeos e documentos de apoio para a súa descarga.

**S2: CALIDADE DE CONTIDOS:** redactar e aprobar documentos de criterios de calidade nos contidos publicados a través do Campus Virtual.

**S3: DEREITOS DIXITAIS:** achegar ao PDI, mediante xornadas de difusión, as distintas opcións de difusión, explicando as propostas por defecto no proxecto MINERVA.

**S4: INTEGRACIÓN CON REDES SOCIAIS:** integración progresiva do Campus Virtual en dinámicas de redes sociais, dando asesoramento e recomendacións na presenza en redes sociais de uso xeral, así como potenciando unha experiencia piloto dunha rede social propia integrada no Campus Virtual.

**Acción 1.2.E:** formalizar un procedemento que asegure que os centros, na súa previsión anual de dotación de medios para apoio á docencia, teña en conta as posibles necesidades non cubertas institucionalmente respecto de licenzas software. En caso de que o centro o considere preciso, adiantará a necesidade, de forma que se inicie un proceso de valoración global entre todos os centros da USC da necesidade do software, así como das fórmulas de financiamento deste, concretando e priorizando nese momento as achegas dos centros e, de ser o caso, da propia da ATIC, e tendo en conta tanto o universo de usuarios como os posibles elementos diferenciadores que o coñecemento deste software achegue para a futura inserción laboral dos alumnos.

## **LIÑA 2: TIC E INVESTIGACIÓN - AS TIC COMO FERRAMENTA DE AXUDA AOS INVESTIGADORES**

Esta liña estratéxica persegue dotar de ferramentas TIC de apoio aos investigadores nos seus labores de publicación das súas capacidades, difusión dos seus resultados, e intercambio de información e experiencias con outras universidades, en especial no contexto do Sistema Universitario de Galicia.

Neste sentido, identifícanse os seguintes obxectivos xerais:

### **Obxectivo 2.1 Dotar a cada investigador dos medios técnicos necesarios, en especial para divulgar a actividade investigadora mediante ferramentas TI**

**Acción 2.1.A:** consolidar o repositorio institucional público MINERVA, para a publicación da produción científica, que facilite a difusión dos seus traballos, e personalizado para que no caso dos investigadores poidan publicar directamente no mesmo.

**S1:** organizar unha presentación pública do proxecto aos medios de comunicación

**S2:** organizar charlas de difusión coincidindo co inicio de cada semestre académico no primeiro ano de funcionamento. Repetiranse as charlas cando se considere preciso en cursos posteriores.

**S3:** seguir dun xeito especial a actividade e uso da ferramenta por parte daqueles centros que se entendan de especial relevancia tendo en conta a súa actividade investigadora.

**Acción 2.1.B:** implantar novos sistemas de xestión de contidos, que complementen ao actual xestor web corporativo, de forma que os investigadores dispoñan de novas posibilidades para enriquecer as súas páxinas persoais e de grupo (blogues, etc.).

**Acción 2.1.C:** renovar o portal web corporativo no ámbito da investigación, prestando especial atención ás ferramentas de busca e localización de investigadores e capacidades de investigación, a súa visibilidade en Internet, así como á publicidade e difusión do software desenvolvido no ámbito da investigación da USC.

**Acción 2.1.D:** desenvolver unha ferramenta en Internet que facilite o rexistro e difusión de eventos e congresos científicos, baseado nun modelo de autoxestión que permita a publicación directa de eventos de interese por parte dos propios investigadores.

### **Obxectivo 2.2. Proporcionar soporte tecnolóxico centralizado á investigación**

**Acción 2.2.A:** aumentar os servizos TI de soporte á investigación, de acordo ao catálogo definido a tal efecto pola CRUE. En concreto, abordaranse iniciativas de mellora dos sistemas de almacenamento centralizado, definiranse procedementos de compra centralizada, posibilidades de aloxamento físico de servidores, un servizo de consigna para envío de ficheiros, e unha mellor xestión dos sistemas de videoconferencia no PC..

**Acción 2.2.B:** establecer acordos internos con outras áreas da USC que manexen medios tecnolóxicos, de cara a potenciar o aproveitamento de esforzos e infraestruturas.

**S1:** aliñarse coas accións impulsadas dende o CITIUS, co obxecto de compartir infraestruturas e dispoñer dun Centro de Procesamento de Datos (CPD) de respaldo corporativo nas súas instalacións, definindo protocolos de respaldo mutuo ante caídas dos sistemas.

**S2:** renovar os acordos co CESGA para uso das súas instalacións en procesos de cálculo intensivo.

### **LIÑA 3: SISTEMAS DE XESTIÓN UNIVERSITARIA E SERVIZOS DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA**

Esta liña estratéxica persegue en primeiro lugar poñer en marcha a administración electrónica como proxecto estratéxico de innovación técnica e organizativa transversal a toda a Universidade. Así mesmo, márcase o reto de mellorar a consistencia dos servizos ofrecidos á comunidade universitaria, consolidando, completando e integrando as diferentes aplicacións de xestión corporativas, e introducindo explicitamente o concepto de Intranet. As accións que engloba esta liña son fundamentais na implantación de modelos de xestión simple e eficaz, liña estratéxica do Plan Estratéxico da USC 2011-2020, en canto que promoven a simplificación da xestión administrativa.

Identifícanse tres obxectivos xerais que englobarán as accións propostas:

#### **Obxectivo 3.1 Promover a administración electrónica**

**Acción 3.1.A:** definir un novo modelo organizativo e tecnolóxico, que revise funcións, procedementos, competencias e responsabilidades no novo marco de administración electrónica. Esta iniciativa será impulsada pola Comisión de Administración Electrónica, e o modelo proposta será aprobado polo propio reitor.

**Acción 3.1.B:** establecer a metodoloxía que institucionalmente se aplicará no proceso de revisión sistemática dos procedementos cara á súa simplificación e tramitación electrónica.

**Acción 3.1.C:** poñer en marcha a Sede Electrónica da USC, tanto no que corresponde ás ferramentas tecnolóxicas como á regulamentación que sexa precisa para regular a sede e demais iniciativas no ámbito da administración electrónica.

**S1:** executar o proxecto técnico de Sede Electrónica.

**S2:** aprobar a regulamentación correspondente.

**S3:** analizar posibles solucións técnicas de Arquivo Electrónico.

**Acción 3.1.D:** levar a cabo a reengxeñaría sistemática dos procesos de xestión que se determinen, aplicando os criterios que se definan corporativamente, nas principais áreas de xestión da USC.

**Acción 3.1.E:** elaborar un Plan de Adecuación ao Esquema Nacional de Interoperabilidade, no que se detallará o calendario de adecuación da USC a esta norma, tendo en conta, entre outras actividades, a incorporación dos procesos da USC ao uso de servizos de interoperabilidade que permitan simplificar aqueles trámites que precisen información de elementos alleos á USC.

**Acción 3.1.F:** promover accións formativas dirixidas a que o colectivo de interese adquira tanto habilidades no uso de ferramentas básicas de administración electrónica, como coñecementos prácticos que lles permitan abordar a súa implantación efectiva.

#### **Obxectivo 3.2 Dispoñer de aplicacións informáticas que soporten os procesos de xestión universitaria**

**Acción 3.2.A:** manter e evolucionar os actuais sistemas de xestión corporativos, ben completando as súas funcionalidades, ben consolidando e migrando aos contornos corporativos aquelas solucións parciais que sigan a estar en uso e quedaran tecnoloxicamente obsoletas e apartadas dos novos sistemas de xestión.

#### **Obxectivo 3.3 Mellorar as canles de comunicación e acceso aos servizos dos usuarios**

**Acción 3.3.A:** poñer en marcha solucións Intranet que permitan, segundo o perfil do usuario da comunidade universitaria, acceder aos distintos procedementos, servizos e aplicacións dispoñibles na USC

**S1:** desenvolver un portal Intranet .

**S2:** analizar e propoñer unha solución corporativa que dea resposta á necesidade de compartir e manter documentos en rede.

**Acción 3.3.B:** explorar as posibilidades de ofrecer servizos á comunidade universitaria a través de novas canles de comunicación baseadas en tecnoloxías de mobilidade



## **LIÑA 4: XESTIÓN, ANÁLISE E DIFUSIÓN DA INFORMACIÓN INSTITUCIONAL**

Esta liña estratéxica persegue executar por unha banda distintas accións dirixidas a proporcionar a información institucional en liña, sacando o máximo partido ás ferramentas en Internet dun xeito aliñado co Plan de Comunicacións da USC e, pola outra banda, a implantar un sistema de xestión integral dos datos e das estatísticas institucionais. As accións que engloba esta liña son fundamentais no que corresponde á difusión e coñecemento pola sociedade tanto da oferta formativa da USC como das súas actividades, e mesmo da transferencia efectiva do coñecemento e, xa que logo, teñen que estar aliñadas claramente con obxectivos das seguintes liñas estratéxicas do Plan Estratéxico da USC 2011-2020: “Oferta de titulacións adaptada ás necesidades da sociedade”, “Transferencia efectiva de coñecemento”, “O compromiso e a implicación coa sociedade” e “Unha universidade de recoñecido prestixio internacional”.

Identifícanse nesta liña dous obxectivos xerais que englobarán as accións propostas:

### **Obxectivo 4.1 Proporcionar a información institucional en liña**

**Acción 4.1.A:** definir, no marco do Plan de Comunicacións da USC, o emprego das ferramentas en Internet (web, redes sociais, *listas de distribución...*), aliñadas coa política e estratexia institucional de presenza pública nos medios.

**S1:** redactar e aprobar os documentos que describan o emprego das ferramentas en Internet, así como os públicos prioritarios, establecendo as canles a empregar en cada caso.

**S2:** difundir estes documentos.

**Acción 4.1.B:** potenciar a utilización do xestor de contidos corporativo.

**S1:** completar a migración de información da web institucional cara ao xestor de contidos corporativo.

**S2:** incorporar no xestor de contidos corporativo ferramentas de apoio á tradución automatizada, segundo as políticas e estratexias que nesa materia adopte a USC.

**Acción 4.1.C:** implantar novos sistemas de xestión de contidos, que complementen ao actual xestor de contidos web corporativo, poñendo a disposición dos usuarios novas posibilidades que enriquezan as súas páxinas persoais e de grupo (blogs, etc.) manténdose no contexto de ferramentas institucionais.

**S1:** implantar os novos sistemas de xestión de contidos

**S2:** difundir estas ferramentas e formar no seu emprego á comunidade universitaria

**Acción 4.1.D:** impulsar sistemas técnicos de xestión e divulgación do coñecemento institucional, que poñan á disposición da sociedade información sobre os investigadores e os ámbitos de coñecemento básico e aplicado nos que a USC traballa.

**S1:** estender entre a comunidade universitaria a publicación de coñecemento institucional a través do repositorio MINERVA.

**S2:** impulsar o uso corporativo da mediateca USC-TV, establecendo procedementos operativos que determinen os responsables en cada fase, federación dos seus contidos noutras plataformas, e integración da mediateca con outros proxectos corporativos que manexen contidos multimedia.

**S3:** definir unha estratexia de difusión dirixida a potenciar a visibilidade e efectividade destes sistemas

### **Obxectivo 4.2 Implantar unha xestión integral do conxunto de datos e estatística da USC**

**Acción 4.2.A:** sistematizar a xestión de datos e estatísticas da USC, aprobando os regulamentos que definan tanto o procedemento para a solicitude e publicación dos mesmos, como o procedemento para a aprobación dos indicadores oficiais das distintas áreas da institución e dos períodos requiridos para a súa actualización, concretando os responsables directivos e técnicos da información estatística institucional.

**Acción 4.2.B:** construír un almacén de datos únicos da USC, como fonte única da información institucional.

**S1:** modificar e ampliar a ferramenta de almacén de datos (*datawarehouse*) da USC, definindo novas áreas temáticas de datos (*datamarts*) dando prioridade aos relativos aos indicadores esixidos polos sistemas SIIU, SGIC/Fides-Audit e CANOA.

**S2:** mellorar, mentres non se culmine a implantación do almacén de datos, os procedementos de xestión dos requirimentos do conxunto de estatísticas oficiais da USC.

**S3:** integrar progresivamente todas as bases de datos da USC a través do bus de integración corporativo, de xeito que se asegure que a información sexa permanentemente íntegra e coherente.

**Acción 4.2.C:** establecer servizos *Open Data* da USC, que proporcionen o acceso público a datos primarios da xestión institucional por parte de usuarios.

## **LIÑA 5: FORMACIÓN, CULTURA E MODELO TIC SOSTIBLE**

Esta liña estratéxica persegue implantar ferramentas, sistemas e procedementos no ámbito das TIC dirixidos a ofrecer todos os servizos identificados dun xeito sostible no tempo. Nese sentido, potenciarase o uso de sistemas de software libre en todos os ámbitos TI da universidade, revisaranse os contratos de mantemento de infraestruturas e servizos, cara a axustar custos e establecer acordos de niveis de servizo apropiados, renovarase periodicamente as infraestruturas precisas para prover os servizos descritos dentro das dispoñibilidades orzamentarias e priorizando solucións tecnolóxicas máis sostibles economicamente no tempo, e analizaranse e elixiranse tecnoloxías e procedementos que permitan a simplificación da provisión dos servizos TIC. Así mesmo, apoiaranse e orientaranse os plans de formación institucional no ámbito das TIC, co obxecto de que a comunidade universitaria acadase os niveis axeitados de competencias nelas. As accións que engloba esta liña son fundamentais na implantación de modelos de xestión simple e eficaz, liña estratéxica do Plan Estratéxico da USC 2011-2020, en canto que promoven o uso racional dos recursos.

Neste sentido, identifícanse os seguintes obxectivos xerais que englobarán logo as accións propostas:

### **Obxectivo 5.1 Incrementar o nivel de competencias TIC da comunidade universitaria**

**Acción 5.1.A:** promover a formación e actualización en competencias TIC do PDI e PAS, estendendo a formación nestas competencias ao maior número de persoas posible, en colaboración coas unidades que xestionan os plans de formación, e potenciando o uso de plataformas de aprendizaxe semi-presenciais ou virtuais sempre que a materia o permita.

**S1:** planificar anualmente accións formativas dirixidas a que tanto o persoal docente e investigador como o persoal de administración e servizos que así o precise, adquira habilidades no manexo da plataforma de tele formación corporativa.

**S2:** planificar anualmente accións formativas dirixidas a que o persoal docente adquira habilidades no manexo dos encerados dixitais e outras tecnoloxías de apoio á docencia presencial.

**S3:** planificar anualmente accións formativas dirixidas a que o persoal docente adquira habilidades na creación de contidos dixitais no ámbito da docencia, potenciando o emprego de solucións de software libre.

**S4:** planificar anualmente accións formativas dirixidas a que o persoal docente e investigador adquira habilidades en contornos baseados en software libre.

**S5:** planificar anualmente accións formativas dirixidas a que o persoal docente e investigador adquira habilidades na manexo do repositorio institucional MINERVA.

**S6:** planificar anualmente accións formativas dirixidas a que o persoal de administración e servizos adquira habilidades no uso de ferramentas ofimáticas, potenciando o emprego de solucións de software libre.

**S7:** planificar anualmente accións formativas dirixidas a que o persoal de administración e servizos adquira habilidades básicas no uso e posta en marcha de ferramentas TIC (sistemas de videoconferencia...).

**S8:** planificar anualmente accións formativas dirixidas a que tanto o persoal docente e investigador como o persoal de administración e servizos adquira habilidades no manexo dos sistemas corporativos de xestión de contidos.

**S9:** planificar anualmente accións formativas dirixidas a que tanto o persoal docente e investigador como o persoal de administración e servizos adquira coñecementos prácticos en materia de protección de datos de carácter persoal e outras boas prácticas en materia de seguridade da información.

**S10:** planificar anualmente accións formativas dirixidas a que tanto o persoal docente e investigador como o persoal de administración e servizos adquira habilidades no uso de ferramentas básicas de administración electrónica.

**S11:** planificar anualmente accións formativas dirixidas a que persoal responsable de unidades de xestión adquira coñecementos prácticos en materia de implantación da administración electrónica nos procesos de xestión.

**Acción 5.1.B:** deseñar un plan de competencias dixitais ao alumnado, e avaliar a posible formalización do seu recoñecemento como parte do currículo dun alumno da USC.

### **Obxectivo 5.2 Facilitar o acceso a ferramentas de software libre e código aberto**

**Acción 5.2.A:** implantar progresivamente a distribución UBUNTU-USC, establecendo arrinque dual en todos os equipos que cumpran os criterios que se definan, e asegurando a evolución da distribución a medida que avance o produto base UBUNTU.

**Acción 5.2.B:** mellorar os mecanismos de coordinación e transferencia do coñecemento entre iniciativas como a Oficina de Software Libre e os propios técnicos de apoio a usuarios da Área TIC.

**Acción 5.2.C:** aumentar as boas prácticas implantadas na USC en materia de software libre, de acordo ao catálogo definido a tal efecto pola CRUE, definindo e publicando recomendacións institucionais para promover o intercambio de ficheiros en formatos abertos, e lanzando un plan piloto de migración de escritorio a software libre.

### **Obxectivo 5.3 Promover o uso axeitado, ético, solidario e sostible das TIC**

**Acción 5.3.A:** aumentar as boas prácticas implantadas na USC en materia de sostibilidade, de acordo ao catálogo definido a tal efecto pola CRUE. En concreto, avanzaranse en solucións de aforro enerxético nas infraestruturas TIC, melloras organizativas nos sistemas de recollida e reciclaxe, fórmulas de teletraballo e sistemas de apagado automático de equipamento.

**Acción 5.3.B:** definir, aprobar e difundir unha guía de boas prácticas na publicación de contidos no portal corporativo, que potencie o cumprimento de criterios de accesibilidade.

**Acción 5.3.C:** adecuarse ao Esquema Nacional de Seguridade, co obxectivo final de aliñarse coa ISO 27001.

**Acción 5.3.D:** definir, aprobar e difundir unha guía de boas prácticas no uso de software, potenciando a elección de alternativas libres e recordando das obrigar legais en caso de uso de software baixo acordos de licenciamiento.

### **Obxectivo 5.4 Manter e renovar de xeito sostible as infraestruturas TIC corporativas**

**Acción 5.4.A:** renovar periodicamente as infraestruturas corporativas, de acordo ao plan de renovación continua aprobado pola USC

**Acción 5.4.B:** revisar sistematicamente os principais contratos de soporte, mantemento e licenzas corporativas, a medida que vaian vencendo os seus períodos de aplicación, de cara a axustar custos mediante a revisión de prezos e de acordos de niveis de servizo.

**Acción 5.4.C:** estudar a viabilidade de migracións tecnolóxicas que, cun certo investimento, supoñan a medio prazo un aforro importante nos custos de mantemento e manteñan ou melloren os servizos prestados.

### **Obxectivo 5.5 Potenciar o uso do galego nas ferramentas TIC**

**Acción 5.5.A:** garantir a presenza do galego nas novas ferramentas que se desenvolvan na USC e para uso da USC.

**Acción 5.5.B:** poñer en marcha ferramentas de apoio á tradución de textos para uso tanto do persoal docente e investigador como do persoal de administración e servizos da USC.

**Acción 5.5.C:** establecer o idioma galego por defecto na instalación do software base dos equipos, salvo que nalgún software en particular existan criterios técnicos que o desaconsellen.

**Acción 5.5.D:** liderar e participar en eventos ou iniciativas que promovan a adaptación ao galego de proxectos de propósito xeral baseados en software libre e que sexan empregados na USC.

## **LIÑA 6: ORGANIZACIÓN E GOBERNANZA DAS TIC**

Esta liña estratéxica persegue executar distintas accións dirixidas a mellorar o modelo organizativo interno da USC no ámbito da Área TIC, do seguimento da súa actividade, e dos procedementos asociados ás xestións que dela dependen. As accións que engloba esta liña son coherentes nos modelos de recursos humanos baseados na eficacia, a flexibilidade e a sustentabilidade que persegue o Plan Estratéxico da USC 2011-2020.

Identifícanse os seguintes obxectivos xerais que englobarán logo as accións propostas:

### **Obxectivo 6.1 Proporcionar servizos que cubran as necesidades e expectativas dos usuarios/institución**

**Acción 6.1.A:** elaborar unha carta de servizos TIC.

**Acción 6.1.B:** elaborar un catálogo de servizos TIC que concrete os acordos de nivel de servizo comprometidos para cada un dos servizos ofertados, tanto á comunidade en xeral como aos servizos de administración.

**Acción 6.1.C:** constituír unha Comisión de Usuarios de Sistemas de Información, que represente os intereses da comunidade universitaria con respecto tanto á posta en marcha de novos servizos como á correcta operativa dos xa existentes no catálogo.

**Acción 6.1.D:** medir a satisfacción dos usuarios cos servizos, mediante enquisas a colectivos, preguntando polos servizos concretos dirixidos a cada un deles.

**Acción 6.1.E:** organizar campañas informativas dirixidas aos usuarios, tanto para explicar os servizos de acordo ao catálogo definido, como para difundir boas prácticas no seu uso.

### **Obxectivo 6.2 Dispoñer de recursos humanos de TIC ben dimensionados e distribuídos.**

**Acción 6.2.A:** revisar periodicamente a RPT da Área TIC, analizando as prazas existentes e as súas funcións, reorientando aquelas que poidan cubrir outras funcións atendendo a novos criterios de organización interna, ou creando novas prazas cando sexa necesario para atender novas necesidades, tendo sempre en conta as dispoñibilidades orzamentarias da USC.

**Acción 6.2.B:** analizar a viabilidade de asimilación ás funcións do persoal da Área TIC de tarefas actualmente externalizadas, valorando tanto a viabilidade técnica como a posibilidade de dotación de persoal en RPT que cubra a necesidade, tendo sempre en conta tanto as dispoñibilidades orzamentarias como as esixencias legais que correspondan.

### **Obxectivo 6.3 Planificar e dimensionar correctamente os investimentos e gastos en TIC**

**Acción 6.3.A:** formalizar un plan de renovación continua e periódica das infraestruturas TIC, que identifique aquelas que son prioritarias para asegurar o funcionamento dos servizos básicos da institución.

**Acción 6.3.B:** propoñer anualmente, de acordo co plan de renovación e coas dispoñibilidades orzamentarias, unha carteira de investimentos que concrete os principais proxectos TIC no ano, informando ao Consello de Goberno

**Acción 6.3.C:** elaborar unha memoria anual de resultados no ámbito das TIC.

**S1:** formalizar unha metodoloxía interna para sistematizar a elaboración da memoria de resultados anuais.

**S2:** elaborar anualmente a memoria de resultados no ámbito das TIC.

### **Obxectivo 6.4 Planificar estratéxicamente proxectos e servizos TIC de forma aliñada coa estratexia da universidade**

**Acción 6.4.A:** elaborar un Plan Estratéxico no ámbito das TIC, e facerlle un seguimento a través da memoria anual de resultados, que se presentará ante o Consello de Goberno, podendo nese momento propoñerse melloras correctivas nas accións planificadas.

**Acción 6.4.B:** elaborar un cadro de mando básico, que identifique as accións e indicadores e permita manter un control operativo da marcha do plan.

### **Obxectivo 6.5 Colaborar e compartir as experiencias TIC con outras institucións e grupos de investigación**

**Acción 6.7.A:** participar activamente na Comisión Sectorial TIC da CRUE, grupos de traballo RedIRIS, e noutros eventos onde intercambiar experiencias no ámbito das TIC.

**Acción 6.7.B:** colaborar con outras institucións en proxectos no ámbito das TIC

## V. Fichas detalladas das accións

<b>Código da acción:</b>	Acción 1.1.A			
<b>Nome da acción:</b>	Dotación básica aulas de docencia non específica			
<b>Descrición e fases:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Adquisición/Renovación progresiva equipamento aulas</li> <li>• Elaboración documentos de normas de uso para uso na propia aula, específicas segundo o equipamento</li> <li>• Mellora progresiva da instalación eléctrica para uso de portátiles por parte dos estudantes nas aulas</li> </ul>			
<b>Responsables</b>	ATIC, Vicerreitora de Responsabilidade Social e Calidade			
<b>Período de execución</b>	<b>2012</b>	<b>2013</b>	<b>2014</b>	<b>2015</b>
	X	X	X	X
<b>Require investimentos</b>	X	X	X	X
<b>Indicadores</b>	<b>Valor de partida</b>		<b>Valor obxectivo</b>	
Rede de aulas equipamento TIC básico	60%		90%	
Documentación uso equipamento	-		90%	
Acondicionamento eléctrico aulas	-		20%	

<b>Código da acción:</b>	Acción 1.1.B			
<b>Nome da acción:</b>	Dotación de encerados dixitais en centros			
<b>Descrición e fases:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Adquisición/Renovación/Reubicación progresiva equipamento aulas</li> <li>• Elaboración documentos de normas de uso para uso na propia aula</li> </ul>			
<b>Responsables</b>	ATIC, Vicerreitora de Responsabilidade Social e Calidade			
<b>Período de execución</b>	<b>2012</b>	<b>2013</b>	<b>2014</b>	<b>2015</b>
		X	X	X
<b>Require investimentos</b>		X	X	X
<b>Indicadores</b>	<b>Valor de partida</b>		<b>Valor obxectivo</b>	
Encerados dixitais en centros	80%		100%	
Documentos apoio uso de encerados	-		100% no 2013	
<b>Observacións</b>	A acción 1.1.H potenciará esta acción ao capacitar ao persoal docente no uso destes equipamentos.			

<b>Código da acción:</b>	Acción 1.1.C			
<b>Nome da acción:</b>	Reformulación aulas de acceso libre			
<b>Descrición e fases:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Análise previa de situación de cara a elixir as aulas de acceso libre</li> <li>• Reformulación progresiva das aulas elixidas como aulas WIFI</li> </ul>			
<b>Responsables</b>	ATIC			
<b>Período de execución</b>	<b>2012</b>	<b>2013</b>	<b>2014</b>	<b>2015</b>
		X	X	X
<b>Require investimentos</b>		X	X	X
<b>Indicadores</b>	<b>Valor de partida</b>		<b>Valor obxectivo</b>	
Dotación de aulas WIFI	-		6 aulas WIFI	

<b>Código da acción:</b>	Acción 1.1.D			
<b>Nome da acción:</b>	Acondicionamento TIC Bibliotecas			
<b>Descrición e fases:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Análise preliminar da situación e necesidades das salas de lectura</li> <li>• Execución progresiva das instalacións de bases de carga para portátiles</li> <li>• Mellora progresiva da cobertura WIFI</li> </ul>			
<b>Responsables</b>	Biblioteca Universitaria da USC, ATIC, Centros			
<b>Período de execución</b>	<b>2012</b>	<b>2013</b>	<b>2014</b>	<b>2015</b>
	X	X	X	X
<b>Require investimentos</b>	-	X	X	X
<b>Indicadores</b>	<b>Valor de partida</b>		<b>Valor obxectivo</b>	
Rede salas con dotación TIC	-		Dotar e revisar o 50% das salas	

<b>Código da acción:</b>	Acción 1.1.E			
<b>Nome da acción:</b>	Ampliación rede WIFI			
<b>Descrición e fases:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Análise dos espazos abertos con maior presenza de alumnado da USC, apoiando o concepto de <i>Univercidade</i> proposto no <i>Campus Vida</i></li> <li>• Análise de espazos comúns interiores que precisan mellor cobertura WIFI</li> <li>• Adquisición e implantación progresiva segundo a planificación prevista</li> </ul>			
<b>Responsables</b>	ATIC Vicerreitora de Responsabilidade Social e Calidade, Centros			
<b>Período de execución</b>	<b>2012</b>	<b>2013</b>	<b>2014</b>	<b>2015</b>
	X	X	X	X
<b>Require investimentos</b>	X	X	X	X
<b>Indicadores</b>	<b>Valor de partida</b>		<b>Valor obxectivo</b>	

Áreas públicas WIFI	-	12 áreas con nova cobertura
Convenio WIMAX Concello	-	Asinar convenio co Concello

<b>Código da acción:</b>	Acción 1.1.F			
<b>Nome da acción:</b>	Solucións de virtualización de postos de traballo			
<b>Descrición e fases:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Análise de solucións e estudo da viabilidade do seu uso por parte dos técnicos de soporte</li> <li>• Implantación progresiva da solución elixida</li> </ul>			
<b>Responsables</b>	ATIC			
<b>Período de execución</b>	<b>2012</b>	<b>2013</b>	<b>2014</b>	<b>2015</b>
		X	X	X
<b>Require investimentos</b>		-	-	-
<b>Indicadores</b>	Valor de partida		Valor obxectivo	
Virtualización posto de traballo	-		Solución implantada	

<b>Código da acción:</b>	Acción 1.1.G			
<b>Nome da acción:</b>	Formación uso medios TIC na docencia			
<b>Descrición e fases:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Planificación formación e elaboración de contidos docentes</li> <li>• Impartición cursos a través do programa de formación para o PDI da USC</li> </ul>			
<b>Responsables</b>	CETA, ATIC			
<b>Período de execución</b>	<b>2012</b>	<b>2013</b>	<b>2014</b>	<b>2015</b>
		X	X	X
<b>Require investimentos</b>		-	-	-
<b>Indicadores</b>	Valor de partida		Valor obxectivo	
Formación uso TIC docencia	-		20% profesorado capacitado	
<b>Observacións</b>	Esta acción repítese como indicador da acción 5.1.A.			

<b>Código da acción:</b>	Acción 1.1.H			
<b>Nome da acción:</b>	Software apoio interrelación profesor-estudiante na aula			
<b>Descrición e fases:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Análise de alternativas e elección dunha solución corporativa</li> <li>• Instalación nos centros elixidos, segundo as súas necesidades docentes</li> </ul>			
<b>Responsables</b>	ATIC, CETA			
<b>Período de execución</b>	<b>2012</b>	<b>2013</b>	<b>2014</b>	<b>2015</b>
		X	X	X
<b>Require investimentos</b>		-	-	-
<b>Indicadores</b>	<b>Valor de partida</b>		<b>Valor obxectivo</b>	
Software relación docente-estudiante	-		4 centros coa solución implantada	

<b>Código da acción:</b>	Acción 1.1.I			
<b>Nome da acción:</b>	Solucións acceso software a estudantes			
<b>Descrición e fases:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Análise de alternativas e elección dunha solución corporativa</li> <li>• Posta en marcha, difusión e seguimento do seu uso</li> </ul>			
<b>Responsables</b>	ATIC			
<b>Período de execución</b>	<b>2012</b>	<b>2013</b>	<b>2014</b>	<b>2015</b>
		X	X	
<b>Require investimentos</b>		-	-	-
<b>Indicadores</b>	<b>Valor de partida</b>		<b>Valor obxectivo</b>	
Acceso software estudantes	-		Solución implantada	

<b>Código da acción:</b>	Acción 1.2.A			
<b>Nome da acción:</b>	Evolución plataforma Campus Virtual			
<b>Descrición e fases:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Elección solución tecnolóxica baseada en código aberto</li> <li>• Planificación da migración</li> <li>• Desenvolvemento dos módulos de personalización</li> <li>• Implantación da nova solución</li> </ul>			
<b>Responsables</b>	CETA, ATIC			
<b>Período de execución</b>	<b>2012</b>	<b>2013</b>	<b>2014</b>	<b>2015</b>
	X	X	-	-
<b>Require investimentos</b>	X	X	-	-
<b>Indicadores</b>	<b>Valor de partida</b>		<b>Valor obxectivo</b>	



Nova plataforma CV	-	Solución implantada
PDI usuario do CV	72 %	85 %
Estudiantes usuarios do CV	90 %	99 %
<b>Observacións</b>	As accións 1.2.B, 1.2.C, así como a formación ao respecto enmarcada na acción 5.1.A potenciarán esta acción ao apoiar e capacitar ao persoal que o precise no uso do Campus Virtual.	

<b>Código da acción:</b>	Acción 1.2.B			
<b>Nome da acción:</b>	Mellora soporte Campus Virtual			
<b>Descrición e fases:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Elaboración dun novo protocolo de soporte e coordinación CETA-ATIC</li> <li>• Implantación do protocolo e cambios na adscrición do persoal implicado</li> </ul>			
<b>Responsables</b>	CETA, ATIC			
<b>Período de execución</b>	<b>2012</b>	<b>2013</b>	<b>2014</b>	<b>2015</b>
	X	-	-	-
<b>Require investimentos</b>	-	-	-	-
<b>Indicadores</b>	Valor de partida		Valor obxectivo	
Protocolo de asistencia ao CV	-		Protocolo en funcionamento	
Nº incidencias do CV rex. no CAU	-		Analizarase que o nº sexa coherente coa actividade propia do CV	

<b>Código da acción:</b>	Acción 1.2.C			
<b>Nome da acción:</b>	Potenciar o uso innovador de sistemas de docencia virtual.			
<b>Descrición e fases:</b>	Implantación progresiva das diferentes subaccións descritas.			
<b>Responsables</b>	CETA			
<b>Período de execución</b>	<b>2012</b>	<b>2013</b>	<b>2014</b>	<b>2015</b>
	X	X	X	X
<b>Require investimentos</b>	-	-	-	-
<b>Indicadores</b>	Valor de partida		Valor obxectivo	
Asesoramento no deseño de propostas formativas	-		20% PDI	
Proxectos contidos aprendizaxe	-		10 proxectos	
Xornadas presentación CETA	-		6 xornadas	

Espazos virtuais elaboración contidos	-	4 espazos
Protocolos coordinación CETA	-	Protocolos implantados

<b>Código da acción:</b>	Acción 1.2.D			
<b>Nome da acción:</b>	Aumentar as funcionalidades e boas prácticas implantadas na plataforma de docencia virtual, de acordo ao catálogo definido a tal efecto pola CRUE.			
<b>Descrición e fases:</b>	Implantación progresiva das diferentes subaccións descritas.			
<b>Responsables</b>	CETA			
<b>Período de execución</b>	<b>2012</b>	<b>2013</b>	<b>2014</b>	<b>2015</b>
	X	X	X	X
<b>Require investimentos</b>	-	X	-	-
<b>Indicadores</b>	<b>Valor de partida</b>		<b>Valor obxectivo</b>	
Formación no uso do CV	-		Vídeos e titoriais dispoñibles en 2013	
Criterios calidade contidos CV	-		Documentos aprobados en 2013	
Xornadas sobre dereitos de autor	-		6 xornadas	
Recomendacións uso docente redes	-		Documentos aprobados en 2013	
Rede social corporativa no CV	-		Rede social integrada no CV en 2013	

<b>Código da acción:</b>	Acción 1.2.E			
<b>Nome da acción:</b>	Provisión de necesidades específicas de software para uso na docencia			
<b>Descrición e fases:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Elaboración e implantación dun procedemento anual de consulta de necesidades de software antes do inicio do curso académico</li> <li>• Xestión e coordinación das posibles compras centralizadas que se deriven</li> </ul>			
<b>Responsables</b>	Centros, ATIC, outras unidades da USC con necesidades de software específicas			
<b>Período de execución</b>	<b>2012</b>	<b>2013</b>	<b>2014</b>	<b>2015</b>
		X	X	X
<b>Require investimentos</b>		X	X	X
<b>Indicadores</b>	<b>Valor de partida</b>		<b>Valor obxectivo</b>	
Proc. adquisición sw centros	-		Documentos aprobados en 2013	
Nº produtos adquiridos baixo acordos corporativos	-		O indicador dependerá das necesidades consideradas	

<b>Observacións</b>	Durante o proceso de consulta e valoración teranse en conta criterios de elección de alternativas tecnolóxicas baseadas en software libre, sempre que manteñan funcionalidade e rendibilidade na posterior inserción social do estudiantado, en liña co obxectivo 5.2 deste plan.
---------------------	---

<b>Código da acción:</b>	Acción 2.1.A			
<b>Nome da acción:</b>	Consolidación do repositorio institucional			
<b>Descrición e fases:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Difusión e presentación pública</li> <li>• Seguimento do uso</li> </ul>			
